

## Día da Muller Traballadora. Coñecemos a Ernestina Otero

O pasado 10 de marzo, con motivo da celebración do Día da Muller Traballadora e para poñer en valor a contribución das mulleres na historia, os cursos de 3 e 4 anos de E.I e 1º, 4º e 5º de primaria quixemos participar nunha actividade de contacontos ilustrado organizada polo Concello de Redondela sobre a pedagoga redondelá Ernestina Otero. A actividade estivo a cargo de *Polo Correo do Vento*, un colectivo especializado en actividades pensadas para o público máis novo co fin de promover a lectura, a comprensión oral en galego e o desenvolvemento da creatividade e expresión artística.

No obradoiro, os nenos e nenas puideron coñecer a vida de Ernestina Otero e aprenderon a facer unha caricatura. Ademais, tódolos alumnos e alumnas dos cursos participantes recibiron de agasallo unha pequena biografía de Ernestina, o libro “Semente de igualdade, semente de liberdade”.

